

Lingua Galega

Exame 6 marzo 2010
Maiores de 45 anos

Criterios de corrección

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto: *saudable, risco, sensual, estrelas* (1 punto).

Sumaranse 0,25 puntos por cada resposta correcta.

Trátase de explicar con frases gramaticais o significado específico que estas palabras teñen no texto. Abondará con que se perciba que os alumnos entenden a palabra e que son capaces de aproximarse a expresar o seu contido, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta. Non se considerará suficiente a indicación de sinónimos, aínda que se poden atribuír puntuacións parciais de 0,1 puntos se se escriben varios sinónimos.

2. Escriba o tema do texto e a continuación faga un breve resumo (2 puntos).

Asígnase 1 punto polo tema e 1 punto polo resumo.

No tema valorarase a concisión e a exactitude ("A prohibición de fumar en espazos públicos pechados", ou frase similar).

No resumo terase en conta que recolla con fidelidade o contido do texto e a concisión. Non se considerará correcto que se faga unha reescritura ou paráfrase do texto nin tampouco un comentario que inclúa informacións ou opinións que non están presentes no texto do exame.

3. Escriba tres cultismos e tres palabras patrimoniais que estean presentes no texto anterior (1 punto).

Por cada cultismo e cada palabra patrimonial, 0,2 puntos ata un máximo de 1 punto.

Consideraranse correctas como palabras patrimoniais tamén voces populares antigas no idioma, aínda que non sexan estritamente patrimoniais.

4. Identifique que tipo de construción verbal é *viña sendo* e explique o seu significado na frase do texto: *Ou dito doutro modo, xa viña sendo hora de que o consumo de cigarros fose asumido como un acto individual* (2 puntos).

Por identificar correctamente que se trata dunha perífrase verbal, 1 punto, e pola explicación do significado 1 punto.

Na explicación do significado admítese como correcta tanto a identificación da perífrase como “aspectual imperfectiva” como explicacións que deixen claro ese significado imperfectivo e progresivo.

5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).

De acordo co programa desta materia, publicado na páxina da CiUG, os alumnos deben escribir un comentario crítico no que demostren a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto, poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias. No comentario someteranse a xuízo crítico as ideas do texto e a súa intención, evitando as paráfrases, resumos ou a repetición do seu contido. Os alumnos deben expoñer os seus argumentos de maneira organizada e coherente, producindo un texto organizado, por medio dos recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos, pero sobre todo a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).